

Estimadas familias:

Dende a comunidade educativa do IES Valadares queremos facervos unha invitación moi especial. Gustaríanos que vos animarades a participar na primeira edición do programa de Parentalidade Positiva do noso centro. Esta invitación está destinada a todas as familias, independentemente das condicións ou circunstancias vitais propias de cada unha. Partimos da idea de crear un maior vínculo familia-escola a través da organización dunhas xuntanzas (dúas horas semanais) das que todos e todas sacaremos partido. Trataremos temas que nos preocupan e nos importan, e nas que vós, as familias, seredes as protagonistas indiscutibles. Farémolo dende o enfoque da parentalidade positiva, pois as circunstancias sociais actuais dificultánnos, en moitos casos, exercer a nosa labor de nais e pais neste sentido. Non se trata de unificar criterios sobre o que se debe ou non se debe facer, nin tampouco se trata de dar charlas de “expertos” con receitas máxicas. O que buscaremos é que, a partir das experiencias individuais, poidamos crear un corpo de coñecemento valioso e que repercuta no benestar dos nosos rapaces e rapazas.

Non nos gustaría que deixedes de anotarvos por medo a non ter con quen deixar os fillos e fillas. Prometemos solventar esa dificultade para que todas as familias que esteades interesadas en acudir poidades facelo sen problema.

Se antes de tomar unha decisión, precisades de máis información, poñédevos en contacto co centro.

Gustaríanos que manifestedes se vos animades a participar. Aqueles e aquelas, que por calquera motivo non poidades asistir, pedímosvos que expoñades, se vos apetece, os motivos.

Sen máis unha aperta ben forte a todos e todas.

----- (recorta por aquí)  
 Interésame asistir á escola de nais e pais do .....

<input type="checkbox"/>	SI
<input type="checkbox"/>	NO

(Expoñede aquí o que consideredes.)

.....  
 .....

Nome, apelidos e curso do alumno/a(s) matriculado/a (s) no centro:

.....  
 .....

Nome e firma nai/pai

Nome e firma do titor/a  
 (en caso necesario)

.....

.....

Un teléfono de contacto

.....